## Liña estratéxica nº 1. Redución da prevalencia dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco e drogas ilegais.

| ACTUACIÓNS CLAVES | RESPONSABLE | INDICADORES | FONTE |
|---|---|---|---|
| **Campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas na saúde e o benestar.** | Consellería de Sanidade, concellos e entidades cidadás (**) | ▪ Nº de actos celebrados e de asistentes.<br>▪ Nº campañas realizadas. | XESAPI (*) |
| **Campaña de prevención do consumo de alcohol en menores.** | Consellería de Sanidade | ▪ Notoriedade e impacto da campaña. | D.X.Innovación e Xestión da Saúde Pública |
| **Campaña de sensibilización a través das redes sociais (Facebook, Tuenti, YouTube, etc.), dirixida a adolescentes e mocidade, sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas na saúde e o benestar.** | D.X. Innovación e Xestión da Saúde Pública | ▪ Nº redes sociais onde está presente a campaña.<br>▪ Nº de visitas/descargas realizadas e reenvíos efectuados. | XESAPI (*) |
| **Elaboración de guías e materiais de sensibilización social para adolescentes e mocidade sobre os riscos asociados ao consumo de substancias con potencial aditivo.** | Consellería de Sanidade, concellos e entidades cidadás | ▪ Guías e materiais elaborados dispoñibles na web. | XESAPI (*) |
| **Elaboración de guías e materiais de sensibilización social para pais sobre os riscos asociados ao consumo de substancias con potencial aditivo.** | Consellería de Sanidade, concellos e entidades cidadás | ▪ Guías e materiais elaborados dispoñibles na web. | XESAPI (*) |
| **Elaboración de guías e materiais de sensibilización social para poboación traballadora sobre os riscos asociados ao consumo de substancias con potencial aditivo.** | Consellería de Sanidade e organizacións sindicais e empresariais | ▪ Guías e materiais elaborados dispoñibles na web. | XESAPI (*) |
| **Reforzo da implementación de programas de prevención universal dos trastornos aditivos nos centros educativos de Galicia.** | Consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria | ▪ Nº centros, profesores e alumnos participantes en programas universais de prevención.<br>▪ Taxa de cobertura dos programas escolares. | XESAPI (*) |
| **Desenvolvemento de programas selectivos de fomento do abandono para alumnos de educación obrigatoria consumidores de substancias con potencial aditivo.** | Consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria | ▪ Nº de centros, profesores e alumnos participantes nos programas. | XESAPI (*) |
| **Desenvolvemento de programas selectivos de fomento do abandono para alumnos de educación universitaria consumidores de substancias con potencial aditivo.** | Consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria | ▪ Nº de centros, profesores e alumnos participantes no programa. | XESAPI (*) |
| **Desenvolvemento de programas de prevención familiar dos trastornos aditivos de carácter universal.** | Consellería de Sanidade | ▪ Nº de participantes no programa. | XESAPI (*) |
| **Posta en marcha dun programa de prevención familiar de trastornos aditivos de carácter selectivo dirixido a mellorar as competencias educativas e de xestión familiar.** | Consellería de Sanidade | ▪ Nº de participantes no programa. | XESAPI (*) |
| **Desenvolvemento de programas de prevención dos trastornos aditivos de carácter selectivo para adolescentes consumidores en situación de risco social.** | Consellerías de Sanidade e Traballo e Benestar | ▪ Nº de participantes no programa. | XESAPI (*) |
| **Desenvolvemento de programas de prevención dos trastornos aditivos no medio laboral.** | Consellería de Sanidade e organizacións sindicais e empresariais | ▪ Nº empresas que dispoñen de programas preventivos.<br>▪ Nº de beneficiarios. | XESAPI (*) |
| **Creación na web da Consellería de Sanidade dun micrositio sobre prevención de trastornos aditivos para a divulgación de campañas de sensibilización, materiais informativos e outras actuacións preventivas.** | Consellería de Sanidade | ▪ Nº de accesos ao micrositio web.<br>▪ Nº materiais descargados. | Consellería de Sanidade |

(*) XESAPI (Xestión do Sistema de Avaliación de Prevención e Incorporación)

(**) Enténdense como tales todos aqueles organismos e institucións de carácter privado sen ánimo de lucro que colaboran no desenvolvemento do Plan de Trastornos Aditivos de Galicia.